

VOCABULARIO. BLOQUE 6

CENSO DE POBOACIÓN: é o documento no que se fai o recento da poboación dun país nun determinado momento, aportando información sobre o total de poboación, a súa composición por sexo e idade, estado civil, tamaño de familia, nivel de instrución (de estudos) renda....O Estado, mediante o INE (Instituto Nacional de Estatística) elabóralo nos anos rematados en 1, por exemplo: o Censo de España do 2011.

PADRÓN MUNICIPAL: é o rexistro que leva a cabo cada concello sobre a poboación que vive no municipio. Contén información algo menos detallada que o censo, pero ten a vantaxe de que é un rexistro máis vivo e dinámico pois toda persoa cando se establece nun lugar ten a obriga de empadroarse polo tanto, é un rexistro continuo que ademais se actualiza cada ano.

REXIME DEMOGRÁFICO: é un período cunhas características determinadas de natalidade, mortalidade e crecemento natural ou vexetativo. Distinguimos o réxime demográfico antigo con altas taxas de natalidade e de mortalidade e baixo crecemento natural; o de transición caracterizado por manter alta a natalidade, pero baixa a mortalidade polo que se produce un rápido crecemento natural; e o moderno, con baixas taxas de natalidade e de mortalidade e un crecemento natural baixo ou negativo.

ESPERANZA DE VIDA: é o cálculo de anos que unha persoa espera vivir, ben no momento de nacer ou cando acaba unha determinada idade, sempre que os niveis de mortalidade permanezan constantes. Obtense a partir das táboas de mortalidade. En España no 2018 era de 83,5 anos, e para as mulleres, 86 anos e 80 para os homes. O estilo de vida, o modelo alimentario e o sistema sanitario explican estas taxas tan altas.

CRECIMENTO NATURAL OU VEXETATIVO: é a diferenza entre os nacementos e defuncións dunha determinada poboación nun período de tempo, e resulta de restar ao número de nados o número de falecidos. En España, o crecemento vexetativo no 2018 foi negativo ao superar en 56.262 as defuncións aos nacementos.

TAXA DE FECUNDIDADE: é a que relaciona o número de nenos nados nunha comunidade nun ano coa poboación feminina en idade fértil (dos 15 aos 49) multiplicada por mil

$$TF = \frac{\text{nº nenos nados}}{\text{nº de mulleres de 15-49}} \times 1000$$

En España no 2018 era de 1,26 fillos por mulleres. A taxa de reemprazo xeracional é de 2,05 que é a cifra que permitiría unha renovación demográfica.

POBOACIÓN ACTIVA: é o conxunto de persoas que teñen entre 16 e 65 anos que suministran man de obra para a produción de bens e de servizos ou que están dispoñibles e fan xestións para incorporarse a dita produción. Comprende a poboación ocupada (os que están traballando) e a poboación desocupada (os que buscan o primeiro emprego e os que están no paro e buscan un novo emprego). No 2019 había en España algo máis de 23 millóns de activos, dos que case 20 millóns eran poboación ocupada e algo máis de 3 millóns, os desocupados. Quedan excluídos deste sector de idade os estudantes, pensionistas por razón de invalidez, discapacitados e rendistas.